

IX CONVOCATORIA DE AXUDAS Á INVESTIGACIÓN SOBRE O CAMIÑO DE SANTIAGO E AS PEREGRINACIÓNS - 2026

A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que desfruta de autonomía, de acordo cos seus estatutos e no marco da lexislación vixente.

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela recollen no seu artigo 4.4 que para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a USC propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións, e moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

Co obxectivo de fomentar o coñecemento histórico e actual do Camiño de Santiago e das Peregrinacións, así como a promoción e difusión dos valores a eles asociados nas súas diferentes facianas, cumprindo deste xeito cos fins da Cátedra Institucional do Camiño de Santiago e das Peregrinacións da USC, a Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación resolve convocar a **IX Edición para Axudas á Investigación sobre o Camiño de Santiago e as Peregrinacións** nos seguintes termos:

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Convocar para o exercicio 2026, en réxime de concorrencia competitiva, **tres axudas** para traballos de Investigación sobre o Camiño de Santiago e as Peregrinacións.

O período de execución dos proxectos de investigación será de tres meses a contar dende a data de sinatura da carta de aceptación obrigatoriamente antes do 31 de xullo de 2026.

2.- CONTÍA DA AXUDA E FINANCIAMENTO

As axudas que se concedan de conformidade a esta convocatoria serán **tres** como máximo, e financiaranse con cargo á partida orzamentaria da Cátedra Institucional do Camiño de Santiago e as Peregrinacións para o exercicio 2026, Nº 5075 4326 22900, cun importe máximo para cada Axuda de **4.000 € (euros)**.

As axudas poderán financiar ata o 100 por 100 dos custos marxinais da investigación e poderán utilizarse para financiar os seguintes gastos derivados directamente da execución:

- Adquisición de pequenos equipamentos científico-técnicos
- Material Bibliográfico
- Material Funxible
- Axudas de custo e locomoción
- Pagamento a outras entidades pola utilización de servizos necesarios para a investigación
- Gastos asociados á publicación científica.

En ningún caso poderán ser destinadas as axudas a custos de persoal.

3.- REQUISITOS PARA OPTAR ÁS AXUDAS

Poderán ser beneficiarios das axudas todas aquelas universidades e entidades que teñan actividade e finalidade investigadora, personalidade xurídica propia e capacidade suficiente de obrar. Cada unha das solicitudes deberá ser presentada por unha única persoa física con capacidade investigadora vinculada ás entidades mencionadas no parágrafo anterior (doutorandos/as, investigadores/as, profesores/as universitarios, nacionais ou estranxeiros/as) que desenvolva a súa actividade investigadora sobre o Camiño de Santiago e as Peregrinacións. A dita persoa actuará como investigador/a principal e será a responsable da execución dos gastos necesarios para o desenvolvemento dos proxectos.

Quedarán excluídas desta convocatoria aquelas persoas que xa percibiran axudas financiadas pola cátedra nos últimos **tres anos**.

4.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse a través do rexistro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm>) e dirixiranse á Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación, mediante o procedemento “solicitud xenérica”. No asunto deberá indicarse “IX Edición para Axudas á Investigación sobre o Camiño de Santiago e as Peregrinacións”.

As persoas que non sexan quen de usar o rexistro electrónico poderán presentar a solicitude e documentación de xeito presencial na oficina de asistencia en materia de rexistros do Campus de Santiago de Compostela (Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela), na oficina de asistencia en materia de rexistros do Campus de Lugo (Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo), ou naqueles lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. (oficinas de Correos,

representacións diplomáticas ou oficinas consulares, oficinas de asistencia en materia de rexistros).

O prazo de presentación de solicitudes será a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da USC e finalizará o día **12 de marzo de 2026**.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

1. Descrición do proxecto de investigación (máximo 15.000 caracteres, espazos incluídos), que recolla, como mínimo, os seguintes elementos:
 - Título
 - Resumo
 - Proposta científica: Antecedentes e estado actual do tema de estudo, hipótese de partida e obxectivos xerais, obxectivos específicos, metodoloxía e cronograma (máximo 10.000 caracteres, espazos incluídos)
 - Plan de difusión e impacto esperado dos resultados (máximo 5.000 caracteres, espazos incluídos).
2. Currículo Vitae Abreviado (CVA) da persoa solicitante da axuda (máximo 5.000 caracteres, espazos incluídos).
3. Declaración responsable da persoa solicitante da axuda de que non percibe ou ten solicitado axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes da USC (ANEXO I).

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas que poderá consultarse no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>), con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Disporase dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar a solicitude. As emendas presentarase a través do rexistro electrónico da USC dirixidas á Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación.

Unha vez resoltas, de ser o caso, as emendas presentadas, publicarase no taboleiro electrónico da USC a listaxe definitiva de solicitudes admitidas.

5.- AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS

Os criterios de valoración que se terán en conta para a concesión da axuda son os seguintes:

1. Xustificación do proxecto (máximo 40 puntos)
 - a) Análise do tema a abordar (máximo 20 puntos): valorarase a presentación dun diagnóstico do tema que se pretende estudar.

- b) Coherencia do proxecto no seu conxunto (máximo 20 puntos): valorarase a adecuación dos obxectivos, metodoloxía e actividades.
- 2. Contido do proxecto (máximo 40 puntos):
 - a) Proposta do programa de traballo a desenvolver e perfil dos centros onde se desenvolverá a investigación (máximo 20 puntos).
 - b) Aspectos innovadores do proxecto (20 puntos, cun máximo de 10 puntos por indicador).
- 3. Plan de difusión dos resultados do proxecto (20 puntos)

6.- COMISIÓNS DE AVALIACIÓN

A comisión que se encarga da avaliación estratéxica e de oportunidade das solicitudes, así como de resolver todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación desta convocatoria estará composta por:

- Vicerreitor/a con competencias en materia de Cátedras Institucionais.
- Vicerreitor/a con competencias en materia de Investigación.
- O director da Cátedra

Os membros desta comisión deberá absterse de intervir cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias previstas no antedito artigo.

A Comisión será convocada polo presidente/a e estará validamente constituída coa asistencia, como mínimo, do presidente/a e o secretario/a.

7.- ACTUACIÓN DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN

Unha vez avaliadas todas as solicitudes admitidas, ditarase resolución onde constará o acordo da Comisión de Avaliación coa asignación provisional das axudas e no que se establecerá tamén unha listaxe de agarda no caso de haber solicitudes suficientes e publicárase no taboleiro electrónico da USC.

Establécese un prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación da resolución, para presentar reclamacións a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, dirixidas á Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación.

Unha vez resoltas as reclamacións, no caso de habelas, ditarase resolución de asignación definitiva das axudas por acordo da Comisión de Avaliación e publicarase no taboleiro electrónico da USC.

8.- ACEPTACIÓN DA AXUDA ECONÓMICA

A persoa responsable do traballo de investigación á que se lle concede a axuda deberá presentar no prazo máximo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir da publicación da asignación definitiva, unha carta de aceptación expresa da axuda, coa conformidade da institución á que está vinculada, a través do rexistro electrónico da USC, dirixida á Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación.

Se o responsable do traballo de investigación seleccionado non presentara a carta de aceptación no prazo establecido ou comunicase a renuncia expresa á axuda, concederase a axuda seguindo a orde da listaxe de agarda acordada pola Comisión de Avaliación.

9.- INICIO, SEGUIMIENTO E DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

Antes do 10 de decembro de 2026, a persoa responsable do proxecto deberán achegar, a través do rexistro electrónico da USC e dirixida á Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación, unha memoria final científico-técnica, que inclúa a descrición da totalidade das actividades realizadas no proxecto e na que se recollan os medios humanos e materiais empregados, as experiencias do funcionamento e, de ser o caso, as persoas participantes. A devandita memoria conterá os logotipos da USC, da Cátedra, da Catedral de Santiago, da Xunta de Galicia e demais logos estipulados pola CCAA (Marca Galicia e Xacobeo 21-22) (dispoñibles na web: <http://www.catedradelcaminodesantiago.com/>) e será publicada na web da Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións.

10.- OBRIGAS PARA OS PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN BENEFICIARIOS DAS AXUDAS

A participación nesta convocatoria implica a aceptación e cumprimento das normas e requisitos recollidos nesta resolución, e en concreto:

- a) Realizar as actividades descritas na solicitude das axudas e responsabilizarse da súa correcta execución.
- b) Realizar o proxecto de conformidade co obxecto e/ou finalidade para a que se concede.
- c) Incorporar de forma visible os logotipos da USC, da Cátedra, da Catedral de Santiago, da Xunta de Galicia e demais logos estipulados (marca Galicia e Xacobeo) no material e actividades que se desenvolvan e así mesmo, facer constar expresamente en toda a publicidade, publicacións ou presentacións

- públicas que se realice do proxecto que esta financiado con fondos da Cátedra Institucional da USC do Camiño de Santiago e das Peregrinacións.
- d) Entregar a memoria científico técnica final no prazo establecido.
 - e) Someterse ás actuacións de supervisión e control que poidan realizar os órganos competentes, achegando tanta información sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
 - f) Asistir a todas as actividades programadas pola Cátedra durante os meses de setembro, outubro e novembro.
 - g) Presentar os resultados da investigación no seminario *Leccións Xacobeas Internacionais da USC* ou similar, organizado anualmente pola Cátedra.

11.- REINTEGRO DA FINANCIACIÓN DO PROXECTO

Serán causa de reintegro da cantidade percibida as seguintes:

- 1. O incumprimento total ou parcial do proxecto ou calendario de execución do plan de investigación.
- 2. O incumprimento da obriga de entregar a memoria final científico-técnica nos termos e prazos sinalados nesta convocatoria.
- 3. Calquera modificación significativa sobre o contido do proxecto que non sexa autorizada previamente pola Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación.
- 4. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos pola persoa solicitante da axuda beneficiario do proxecto recollidos na presente convocatoria.
- 5. A realización de gastos non contemplados no apartado 2 desta convocatoria.

En calquera caso, deberá reintegrarse a cantidade non executada no proxecto.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. RÉXIME XURÍDICO.

Para o que non estea previsto nesta resolución seralle aplicable o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro

dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data de sinatura.

Gumersindo Feijoo Costa
Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación
(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022, modificada por RR do 26 de setembro de 2023)

ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE

IX CONVOCATORIA DE AXUDAS Á INVESTIGACIÓN 2026 DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO E AS PEREGRINACIÓN S

DNI:	APELIDOS:	NOME:
TELÉFONO:	DOMICILIO PARA NOTIFICACIÓN:	
CODIGO POSTAL:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
E-MAIL:		

DECLARO baixo a miña responsabilidade:

Que non percibo nin teño solicitado axudas, ingresos ou recursos procedentes da USC para o traballo presentado á convocatoria DE AXUDAS Á INVESTIGACIÓN 2026 DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO E AS PEREGRINACIÓN S

Data:

Sinatura:

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: GUMERSINDO FEIJOO COSTA,
VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA, 10/02/2026 09:54:20.

CSV: C6CA-4997-4621-9BDF